**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 27/11/2023**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/11/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de novembro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2023/4030**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Mantenimientos Contraincendios SL para a realización do mantemento dos sistemas de extinción de incendios das instalacións municipais, por un immplorte total de 7.237,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4307**
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a reposición, mediante compra á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L, de oito CPU´s HP Pro 400 G9 Mini con tres anos de garantía in situ destinadas ás oficinas municipais, por un prezo de 7.661,72 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.216, coa seguinte descrición:
CPU´S (8 Unidades):
Equipo: HP Pro 400 G9 Mini
Procesador: Core i5 12500 T / 2 GHz.
Memoria principal: 16 GB de RAM.
Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.
Portos: 1 salida de audio; 1 RJ-45; 1 HDMI 1.4; 3 SuperSpeed USB Type-A; 1 DisplayPort™ 1,4;
Sistema operativo: Windows 11 Professional
3 años de garantía in situ
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4321**
Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2023, de aprobación do gasto publicitario con motivo das Festas de Nadal 2022, por un importe total de 6.219,98€ con cargo á partida 926-22641, figurando no mesmo:
- Diario de Pontevedra (Grupo Progreso), 1/2 páxina (24 dec.): 423,50 €
E debendo figurar:
- Lerez Ediciones SL, 1/2 páxina (24 dec.): 423,50 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2023/4322**
O vindeiro 22 de setembro, Vilagarcía acolleu o Acto Nacional de Comunicación dos Fondos Europeos en España. Este acto estaba amparado polo Plan de Comunicación da estratexia EDUSI "Vilagarcía Avanza".
Na Xunta de Goberno Local acordouse aprobar o orzamento presentado por Play Plan Cultural SLU para a actuación de Tanxugueiras pola interpretación de 5/6 cancións, por un importe total de 12.100,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22699.
Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto correspondente á taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) pola citada actuación, que ascende a 711,38 €, así como o recoñecemento de obriga da factura presentada nº 1230567946, do 27 de outubro de 2023, por importe de 711,38 €, con nº rexistro 2023/7786, con cargo á partida 926.22699.

**PRP2023/4323**
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ARBOGAL 2007 SL, para a realización de actuacións urxentes nas árbores do Parque de Compostela, por un importe total de 12.947,00 e (IVE incluído), con cargo á partida 171.210.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4334**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento prsentado pola mercantil Consultoría Informática y Tecnología del Noroeste SL para a renovación do programa de xestión interna da plataforma operativa do Servizo Municipal de Emerxencias, por un importe total de 4.207,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4348**
Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado por Grupo Electro Stocks SLU (Kilovatio Arousa) para o subministro de material de reposición para o alumeado público: 25 postes, 130 luminarias 30w e cable para instalación das luminarias, por un importe total de 17.787,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.633.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2023/4288**
Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de data 6 de novembro de 2023 remitida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización
Demográfica en relación á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 22 de xullo de 2022 para o curso 2022/2023 (procedemento BS420D).
Na citada resolución resolven :
- Establecer a concesión dunha axuda complementaria pola gratuidade da atención educativa por importe de 1.514,64 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/4289**
Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de data 8 de novembro de 2023 remitida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 10 de agosto de 2023 para o curso 2023/2024 (procedemento BS420D). As contías concedidas de acordo coas liñas de axuda e anualidades son:
LIÑA 1- mantemento- Total concedido: 72.000,00 euros
- Anualidade 2023: 26.181,82 euros
- Anualidade 2024: 45.818,18 euros

LIÑA 2- gratuidade atención educativa – Total concedido: 94.648,15 euros
- Setembro- Decembro 2023: 34.525,57 euros
- Xaneiro- Xullo 2024: 60.122,58 euros

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/4290**
Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 3º trimestre do ano 2023.
Mes de Xullo: 56.945,98 €
Mes de Agosto: 56.044,70 €
Mes de Setembro: 58.562,30 €
Regularizacións do/s período/s 01/04/2023-31/06/2023:- 6.918,44 €
Total nómina neta 3º trimestre: 164.634,54 €
Total devengado: 164.634,54 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2023/4291**
A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e o recoñecemento de obriga da 2º liquidación de 2023 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2022/2023) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes:
Escola Infantil de Vilagarcía- Carril 31.050,00 €
Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán 31.050,00 €

**EMPREGO**

**PRP2023/4261**
O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos accións de dinamización do Comercio e a Hostalaría local a través de diversos canles e iniciativas . Unha destas iniciativas é a convocatoria do "CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2023" PARA O COMERCIO E HOSTALARÍA, nos termos especificados nas bases que se xuntan á presente proposta.
O custo Total de desenvolvemento da actividade, ascende á cantidade de MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.785,00 €).
Establécense os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria do orzamento do 2024.
- Un Primeiro premio de: 595 €
- Dous Segundos premios de: 395 € c/u
- Dous Terceiros premios de: 200 € c/u

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a CONVOCATORIA DO "CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2023" do CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, e o gasto especificado con cargo á partida 4311.48100 do orzamento 2024.

**PRP2023/4274**
O Concello de Vilagarcía ven desenvolvendo nos últimos anos un mercado de Nadal, o cal veu sendo unha iniciativa fundamental para potenciar as compras na cidade.
Para o presente ano, na contorna da Praza independencia, integrándose coa Aldea de Nadal, prevense establecer as casetas municipais que serán postas a disposición dos vendedores e artesáns.
PRIMEIRA. Tal como se fai constar nas Bases, instalaranse, en principio, 7 postos de venda nas casetas de madeira de titularidade municipal de 5 m2 cada unha, que incorporan ventás convertibles en mostradores.
- Farase reserva dalgún posto de venda para ONGs, Fundacións ou outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a fins sociais e sen fin de lucro.

Os postos de venda, asignaranse de acordo coa distribución que determine o Concello e ocuparanse os postos asignados, con rigorosa suxeición á normativa que regule a venda dos produtos obxecto de comercialización.
- No caso de alimentos, especialmente dos elaborados artesanalmente, estes deberán contar co rexistro sanitario correspondente a cada produto obxecto de venda; as persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos e cumprir coa normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como aos instrumentos utilizados para a súa elaboración. Defínense como

alimentos artesáns os tradicionais no período de Nadal (turróns, polvoróns, mazapáns….).
A autorización de venda, de acordo co establecido nas presentes bases, non prexulga calquera outra autorización ou licenza que sexa preceptiva.
SEGUNDA. Terán preferencia na selección para a venda, os produtos seguintes:
- Artigos relacionados co Belén tradicional e Papá Noel, así como adornos para a decoración da árbore de Nadal.
- Decoración de Nadal: Luces, grilandas, adornos, instrumentos musicais típicos de Nadal, etc.
- Alimentos: Comidas (doces e salgadas), bebidas frías e quentes, así como produtos de repostería típica da época de Nadal, valoraranse as que sexan de elaboración artesanal.
A Comisión de valoración municipal estimará a posibilidade de venda de calquera tipo de artigo neste apartado, e terá, en todo caso, facultades para rexeitar a venda de calquera artigo que considere competencia desleal respecto do comercio local.
TERCEIRA. As solicitudes para a venda nas casetas municipais deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía a través dos medios telemáticos habilitados no portal web https://sede.vilagarcia.gal (procedemento/formulario de solicitude: 50005) ou a través do Rexistro oficial de calquera outra administración, neste último caso o solicitante deberá comunicar, na mesma data na que presente a súa solicitude mediante correo electrónico remitido á dirección tle@vilagarcia.gal, a presentación da devandita solicitude.
As solicitudes poderán achegarse dende as 00:00 h do 28 de novembro do 2023, ata as 23:59 h do día 12 de decembro do 2023, de acordo cos modelos que se publicarán como (ANEXOS).
Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e publicación das bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda nas casetas Municipais de Nadal 2023 situadas na Praza da Independencia.

**PRP2023/4331**
O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.
O obxecto do contrato é o subministro de merchandising para fomentar o consumo no comercio local e comercio tradicional.
Os elementos obxecto do subministro deberán ser postos a disposición do Concello antes do 15 de decembro de 2023.
O importe de licitación é de 14.995,00 € (máis o correspondente IVE 3.148,95 €) alcanzando un importe total de 18.143,95 €, imputado á aplicación orzamentaria 4311-2261018.
Para levar a cabo este subministro solicitáronse orzamentos ás empresas seguintes:
SERIGAL 4 S.L.
C.I.F.: B-36335602
A empresa presenta orzamento por contía de 10.306,00€ mais IVE (12.470,26€ IVE incluido)
DÉBORA FONTENLA OLIVEIRA (LAMARKA PUBLICIDAD)
C.I.F.: 35482169-T
A empresa presenta orzamento por contía de 12.600,00€ más IVE (15.246,00€ IVE incluido)
SERILUA MERCHANDISING S.L.
C.I.F.: B-70519988
A empresa presenta orzamento por contía de 12.957,00€ más IVE (15.677,97€ IVE incluido)

Revisada a documentación remitida, e unha vez aplicados os criterios evaluables de forma automática o resultado da valoración das ofertas e o seguinte:

| EMPRESA | PREZO SEN IVE | PUNTUAC. PREZO | PUNTUAC.MELLORA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| SERIGAL 4 S.L. | 10.306,00€ | 10 puntos | 40 puntos | 50 puntos |
| DÉBORA FONTENLA OLIVEIRA (LAMARKA PUBLICIDAD) | 12.600,00€ | 5,11 puntos | 90 puntos | 95,11 puntos |
| SERILUA MERCHANDISING S.L. | 12.957,00€ | 4,35 puntos | 90 puntos | 94,35 puntos |

Vista a proposta do Departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato A DEBORA FONTENLA OLIVEIRA (LAMARKA PUBLICIDAD) - CIF 35482169T por importe de 12.600,00 € máis IVE (15.246,00 € IVE incluído), con cargo á partida 4311.2261018, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**PRP2023/4292**

A Concellería de Xuventude organiza UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DE NADAL CUN ESPECTÁCULO DE TEATRO FAMILIAR nas parroquias de Vilagarcía e que consistirá no desenvolvemento dun espectáculo de teatro dirixido ao público familiar co obxectivo de contribuir a achegar as artes escénicas aos nenos/as de varias parroquias de Vilagarcía e ofrecer, ao mesmo tempo, un espectáculo cultural de primer nivel no tempo de vacacións de nadal que implique, así mesmo a interacción co público asistente e sobre todo que favoreza a creación dun espazo de convivencia e encontró interxeneracional para fomentar a relación e lintercambio de experiencias entre os máis pequenos/as e os seus familiares (avós/avoas) máis maiores .

Por outro lado, con esta iniciativa preténdese contribuir a incrementar a oferta cultural e de lecer no tempo das vacacións de nadal que se oferta en todo o concello.

O espectáculo teatral: O Show de Fifo “soño” consistirá nunha actividade en que a personaxe de Fifo, coa axuda dos nenos/as, vai descubrir a través de xogos, bailes e risas se vive nun soño ou se é mellor espertar.

O desenvolvemento de O Show de Fifo terá lugar nas seguintes parroquias / lugares de Vilagarcía e nas seguintes datas e horarios:

SOLOBEIRA (Centro Cultural Solobeira)
2 de decembro ás 12.00 h.
A LAXE (Centro Cultural A laxe)
3 de decembro ás 12.00 h.
O PIÑEIRIÑO (Centro Cultural Asociación Breogán)
9 de decembro ás 18.30 h.
RUBIÁNS (Centro cultural Rubiáns)
10 de decembro ás 18.30 h.
CEA (Centro cultural de Cea)
16 de decembro ás 18.30 h.
GUILLÁN (Centro cultural de Guillán)
17 de decembro ás 12.00h.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o orzamento presentado por TROULA ANIMACIÓN S.L., CIF.: B-369400690 por un

importe total de 5.445 € (ive do engadido) a cargo da partida orzamentaria 2314.22624.
2. Aprobar o modelo de contrato a asinar coa compañía que desenvolverá a actividade.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### TURISMO

**PRP2023/4282**
Dende a Concellería de Turismo, estase a deseñar unha actuación de promoción turística local, coa que se pretende que todo o litoral dende Vilaxoán ata Carril, presente unha imaxe de Nadal atractiva, continua e integral, destinada á acollida de visitantes.
Nestas datas, propicias para os desprazamentos e o consumo, en que todas as cidades están a facer un esforzo para desenvolver iniciativas que atraian aos visitantes, esta actuación, da área de turismo, será complementaria do resto das accións que dende os diferentes departamentos do Concello se están a programar para que Vilagarcía sexa polo de atracción de visitantes chegados de a contorna do Salnés, Barbanza e, en definitiva de toda Galicia e mesmo do resto do país, tendo en conta a vantaxe que implican as novas conexións ferroviarias.
A actuación a realizar consistirá na colocación ao longo da franxa litoral (Carril-Vilaxoán) de árbores de madeira iluminados e de xardíns efímeros con base de céspede e area sobre os que se colocarán elementos decorativos de materiais sostibles e naturais. Os elementos decorativos serán realizados e instalados por persoal propio de Concello (departamentos de obras, parques e xardíns, electricidade etc.) para o que precisarán adquirir os materiais necesarios. Esas árbores contarán con unha iluminación decorativa instalada por unha empresa especializada.
O obxecto da proposta da Concellería de Turismo consta, polo tanto, de dous conceptos ou apartados:
a) Contratación dos traballos de decoración con mangueira lumínica dos árbores indicados, por contía de 1.118,04 € (IVE incluído).
b) A adquisición de elementos funxibles para a elaboración dos árbores e as bases dos xardíns efímeros (madeira, area, céspede, cableado...) Non se pode especificar detalladamente neste momento o importe total máximo do gasto preciso para cada concepto de compra, e segundo o criterio dos responsables das áreas implicadas, estímase un gasto máximo a realizar de 7.000,00 € IVE INCLUIDO.
O orzamento total estímase en OITO MIL CENTO DEZAOITO EUROS, CON CATRO CÉNTIMOS (8.118,04 €) IVE INCLUIDO.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto relativo á CAMPAÑA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL NADAL 23 CONCELLO DE VILAGARCÍA, por un importe total estimado de 8.118,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22610, coa seguinte desagregación:
a) Adxudicar á empresa DIPETRINTA S.L., B-94141025, os traballos de decoración con mangueira lumínica das árbores de madeira, de conformidade co orzamento presentado, por importe de 1.118,04 € (IVE incluído).
b) Aprobar o gasto para adquisición de elementos funxibles para a elaboración dos árbores e as bases dos xardíns efímeros, por un importe estimado de 7.000,00 € (IVE incluído).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2023/4227**

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada por esta Área para a realización desta actividade dentro do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL- Plan de Concellos 2023, liña 2. por importe total de 5.000€.

A área de igualdade -CIM deu conta desta resolución da Deputación na pasada Xunta de Goberno de dia 10 de abril.

Esta acción enmárcase dentro do IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía, na área 2 de cidadanía activa das mulleres e apoderamento, que ten coma obxectivo xeral: " visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos " favorecendo a Promoción de estratexias que visibilicen a mulleres en ámbitos culturais e deportivos e rachen cos estereotipos de xénero que sirvan de referentes"

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha Semana de actividades coa finalidade de visibilizar o papel das mulleres na creación cultural, cun orzamento total de 5.199,40 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desgregación:

| | | | |
|---|---|---|---|
| BELEN RODRÍGUEZ TEIGA | 34284235k<br>Rúa Betanzos nº 40-42, 2A<br>15703 Santiago de Compostela - A Coruña | Realización dun obradoiro de podcast | 500,00 € |
| CINE CLUBE ÁDEGA | G36018513<br>Apdo. Correos 203<br>36600 Vilagarcia de Arousa<br>– Pontevedra | - Proxección filme con participación da Directora.<br>- Coloquio mulleres no Audiovisual.<br>– Proxección seis curtametrtaxes feitos por mulleres galegas | 1309,00€ |
| FERNANDO LÓPEZ PÉREZ | 35466200Q<br>Rúa Arzobispo Gelmirez nº27.<br>36600 Vilagarcia de Arousa – Pontevedra | -Realización obradoiro Audiovisual. (20h)<br>-Realización Obradoiro Stop Motion. (10h) | 2904,00€ |
| CRISTINA DURÁN RECUNA | 35476266P<br>Avda. da Mariña nº 100, 5ºA.<br>36600 Vilagarcia de Arousa - Pontevedra | Deseño do cartel, muppy e folleto informativo. | 242,00€ |
| CARLOS GALBAN ZARAGOZA | 35449729J<br>Avda. Juan Carlos I, nº42<br>36600 Vilagarcia de Arousa – Pontevedra | Aluguer mesa de son e dous micros | 169,40€ |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

**PRP2023/4312**

Vista a solicitude de D. Ricardo Francisco Loy Madera e/n Manos Unidas-Comité Católico Campaña Contra el Hambre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun Concerto Solidario o día 25 de novembro no salón García:

- Actuación da Coral Rosalía de Castro por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer

constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2023/4313**
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da compra de 40 Cd's da obra Camiño Aberto de Rosa Leiro e Juan carlos Cambas para a súa distribución na Biblioteca e axencias de lectura municipal e a Rede de Centros Socioculturais dependentes do Concello, por un importe total de 600,16€, de conformidade co orzamento presentado por D. Juan Carlos Cambas Outeda, con cargo á partida 334.22609.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4314**
Vista a solicitude de Don Alfredo Lima Hernández e/n de Colorito Colorata, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 20 de novembro de 2023, de 8:00 horas a 13:00 horas, para a celebración da obra "Un, Dous, Tres Eureka", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
. O prezo das entradas será de 5 € e a recadación da súa venda para a solicitante.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 51,00 €
- TOTAL: 315,70€
Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2023/4315**
A Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo de 2023, acordou aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán, por un importe total de 1.798,92€, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto | Importe | Provedor |
|---|---|---|
| Material limpeza e mobiliario | 987,30 € | Castromán I, SL |
| Productos de limpeza | 303,42 € | Juan José Canto Bua (SBL Higiene) |
| Actuación grupo LEITE CON JALLETAS o día 11 de novembro de 2023 | 508,20 € | Produccións Vacaloura SL |
| TOTAL | 1.798,92 € | |

Dáse conta de escrito presentado pola AA.VV. de Vilaxoán, comunicando o cambio de grupo de

música para amenizar o evento,  a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo citado, do seguinte xeito:
Onde figura:

| | | |
|---|---|---|
| Actuación grupo LEITE CON JALLETAS o día 11 de novembro de 2023 | 508,20 € | Produccións Vacaloura SL |

Debe figurar:

| | | |
|---|---|---|
| Actuación grupo OS BUGIS o día 18 de novembro de 2023 | 508,20 € | Produccións Vacaloura SL |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4316**
DÁSE CONTA da existencia dun erro no Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 03-07-2023 (PRP2023/2324) de aprobación do gasto dun concerto a cargo do pianistas galego-arxentino Juan Carlos Cambas, acompañado de outros artistas invitados presentando o CD "CAMIÑO ABERTO" figurando no mesmo:
"Aprobar o gasto correspondente á actuación de Juan Carlos Cambas Outeda acompañado de varos artistas invitados, o vindeiro día 11 de novembro no Salón de Actos do Auditorio por un importe total de 1.802,00€ (i.v.e. engadido), con cargo a partida 334.22609"
E debendo figurar:
"Aprobar o gasto correspondente á actuación de Juan Carlos Cambas Outeda acompañado de varos artistas invitados, o vindeiro día 11 de novembro no Salón García por un importe total de 2.057,00€ (i.v.e. engadido), con cargo a partida 334.22609"
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2023/4317**
Dáse conta das actividades arpobadas para o nadal, para xustificación de subvención no marco da Liña 2 do Plan Concellos 2023 da Deputación Provincial- Servizo de Cooperación:
PRIMEIRO: ANTECEDENTES:
- Acordo X.G.L. sesión que tivo lugar o día 30-01-2023 – PRP2023/0249
- Acordo X.G.L. sesión que tivo lugar o día 10-04-2023 – PRP2023/1313
- Acordo X.G.L. sesión que tivo lugar o día 25-09-2023 – PRP2023/3406
- Acordo X.G.L. sesión que tivo lugar o día 13-11-2023 – PRP2023/4082

SEGUNDO:
Qué parte das actividades previstas dentro da programación de nadal serán financiadas co PLAN CONCELLOS 2023 (LIÑA 2) segundo o informado na X.G.L. na sesión que tivo lugar o día 13-11-2023 e posteriormente aprobadas na X.G. L. na sesión que tivo lugar o 20-11-2023 e que a continuación se detallan:

| ACTIVIDADE | NOME | C.I.F. | CONCEPTO | B.I. | I.V.E. | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRENDIDO DE LUCES DE NADAL | CRISTINA DURÁN RECUNA | 35476266P | Organización e produción PRENDIDO DE LUCES (aluguer de carroza, maquillaxe, aluguer walkies, presentador, personaxe animado, rexidor, produción e intérprete de signos | 3.720,00€ | 781,20€ | 4.501,20€ |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRENDIDO DE LUCES DE NADAL | TROULA ANIMACIÓN S.L. | B3694069 | PASARRÚAS A LUZ NO CAMIÑO CONCERTO UXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA | 5.150,00€ | 1.081,50€ | 6.231,50€ |
| PRENDIDO DE LUCES DE NADAL | GLOBAL SEPTUP S.L. | B94119104 | Luces e son concerto | 2.893,78€ | 607,69€ | 3.501,47€ |
| CIRCO MÁXICO DE NADAL | LA FIESTA ESCÉNICA S.L.U. | B36963577 | Representación espectáculo CIRCO MÁXICO DE NADAL o día 16-12-203 No Salón de Actos do Auditorio Municipal | 12.000,00€ | 2.520,00€ | 14.520,00€ |
| FEXTURRON | C&C CAMARERO E CUBO OCIO S.L. | B94147774 | PRE-PRODUCCIÓN DO EVENTO FEXTURRÓN (PERIODO DO 2 AO 19 DE DECEMBRO) | 7.500,00€ | 1.575,00€ | 9.075,00€ |

TERCEIRO: O gasto das actividades anteriormente indicadas foi aprobado en X.G.L. en sesión que tivo lugar o 20-11-2023
Prendido de luces de Nadal
Circo Máxico de Nadal
Fexturrón
O gasto destinado para a realización destas actividades segundo o indicado no cadro ascende a un total de 37.829,17€, dos cales 34.000,00€ serán aportados polo PLAN CONCELLOS 2023 (LIÑA 2) e a diferencia con fondos propios do Concello cunha aportación de 3.829,17€
Polo exposto
A Xunta de Goberno Local acorda a modificación de destino DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR IMPORTE DE 34.000,00€ para a celebración de actividades durante o Nadal 2023, adxudicadas as empresas detalladas no cadro indicado no punto segundo desta proposta e que ascende a gasto a un total de 37.829,17€, cunha aportación polo concello de 3.829,17€ e que serán presentadas para a xustificación segundo o establecido nas bases publicadas

## CONTRATACIÓN

**PRP2023/4268**
O arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, redactou o proxecto técnico denominado "Construción de soportal no Campo de Fútbol de Bamio", cun importe de licitación de 29.227,79 € (IVE engadido).
As actuacións proxectadas enmárcanse nas accións que se están a impulsar dende o concello de Vilagarcía de Arousa co fin de mellorar a funcionalidade das instalacións deportivas municipais. Os traballos descritos teñen como obxecto a construción dun corredor cuberto que permita a circulación protexida por diante das dependencias situadas no semi-soto das bancadas do campo de fútbol de Bamio.
O obxectivo principal, por tanto, é dotar ao referido edificio municipal dunha estrutura coa que mellorar o amparo das persoas usuarias ante as inclemencias meteorolóxicas.
Concretamente, proponse como solución, a Instalación dun soportal lixeiro acaroado á fachada noroeste das bancadas de modo que se configura unha superficie protexida con aproveitamento e funcionalidade. Este realizarase mediante unha estrutura metálica cun sistema de piares e vigas biapoiadas. Ademais, tamén se contempla a realización dun reforzo e ampliación do sistema de alicerces que permita transmitir ao chan as cargas do soportal sen afectar á edificación actual; tendo en conta que o material de cubrición será panel sándwich de chapa prelacada con illamento interno de 30 mm de polisocianurato.
De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 29.227,79 € (IVE engadido).
Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando orzamento aos seguintes provedores: CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L., BESPI CONSTRUCCIONES S.L. e PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTION DE CONSTRUCCIONES S.A.
Rematado o prazo de presentación de ofertas, a mercantil CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. non remitiu ningunha oferta. As outras dúas empresas presentaron as seguintes:

| Licitador | Oferta (IVE excluído) | Oferta (IVE engadido) |
|---|---|---|
| BESPI CONSTRUCCIONES S.L. | 24.050,00€ | 29.100,50€ |
| PLANIFICACION DESARROLLO Y GESTION DE CONSTRUCCIONES S.A. | 21.000,00€ | 25.410,00€ |

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Adxudicar o contrato menor de obras de "Construción de soportal no Campo de Fútbol de Bamio", á mercantil PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A. (A36229557), por importe de 21.000,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.410€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 25.410,00€, con cargo á partida orzamentaria 342 63200.
2.-Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra do investimento denominado CT 79/2023-e "Construción de soportal no Campo de Fútbol de Bamio".

**PRP2023/4293**
Dende o concello de Vilagarcía de Arousa estanse a impulsar unha serie de actuacións destinadas a mellorar a funcionalidade das instalacións deportivas municipais ao tempo que se asegura o bo mantemento das mesmas.
Tendo en conta o uso intensivo ao que se somete o céspede artificial do Campo de Fútbol Manuel Jiménez, situado no complexo deportivo de Fontecarmoa e que o mesmo ten unha antigüidade de 12 anos, este xa perdeu parte das súas propiedades. Por tanto, polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, procedeuse á redacción do proxecto técnico denominado "Proxecto de reposición do céspede artificial no Campo de Fútbol Manuel Jiménez", para actualizalo cunha nova superficie de céspede artificial de nova xeración.
O Pleno do concello de Vilagarcía de Arousa, na sesión celebrada o 28 de setembro de 2023, acordou aprobar o expediente de crédito extraordinario 01/CE/2023-FD por importe de 268.979,93€, co obxectivo de financiar as actuacións de mellora do Campo de Fútbol Manuel Jiménez, para o cal os medios e recursos proveñen do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais da Liquidación do Orzamento da Fundación de Deportes 2022.
O Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa, na sesión celebrada con data 25 de outubro de 2023, adoptou acordo de toma de coñecemento dos Remanentes de Tesourería da Fundación de Deportes e do concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ao exercicio 2022 para afrontar os gastos das obras en diferentes instalacións deportivas, entre as que se atopan as obras de referencia no Campo de Fútbol Manuel Jiménez.
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 268.979,93€ (IVE engadido).
O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 56 días naturais (8 semanas).
Vista a proposta da Concellería de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado "Proxecto de reposición do céspede artificial no Campo de Fútbol Manuel Jiménez", redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe (IVE engadido) de 268.979,37 €.

**PRP2023/4319**
A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 2 de maio de 2023, aprobou o proxecto denominado “Reforma e mellora das instalacións e piscinas de Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto Jesús María San Vicente Domingo, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 517.445,61 €.
Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30 de outubro de 2023, adxudicouse o contrato de “Reforma e mellora das instalacións e piscinas de Fontecarmoa”, que se formalizou o 14 de novembro de 2023.
Con motivo do próximo inicio das referidas obras, previsto para o vindeiro 1 de decembro de 2023, e visto que estas obras non son compatibles co seu normal funcionamento, faise imprescindible a interrupción da actividade e o peche das instalacións da piscina municipal de Fontecarmoa dende a data prevista de inicio das obras e durante un prazo inicial de 15 días.
Notificarase á concesionaria do servizo, a mercantil SERVIOCIO CULTURA DEPORTE Y RECREACION S.L., este peche ao público co obxectivo de garantir a seguridade dos traballadores e das persoas usuarias da piscina e asegurar o bo curso das obras proxectadas, todo elo de conformidade coas indicacións do Director de obra e do Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.
UTAC.PONTEV)
Tendo en conta o que antecede,
A Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:
1. Acordar a interrupción da actividade e o peche ao público das instalacións da piscina municipal de Fontecarmoa, con motivo do próximo inicio das obras de “Reforma e Mellora das Instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, dende o día 1 de decembro de 2023 e por un período inicial de 1 mes, co obxectivo de garantir a seguridade dos traballadores e das persoas usuarias da piscina e asegurar o bo curso das obras proxectadas; todo elo de conformidade coas indicacións que proveñan do Director de obra e do Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.
2. Notificar o acordo á mercantil concesionaria do servizo da piscina municipal, a empresa SERVIOCIO CULTURA DEPORTE Y RECREACION SL (B15416845).
3. A empresa farase cargo dos gastos que conleve o peche das instalacións (persoal e mantemento), que posteriormente serán aboados polo Concello unha vez xustificados éstos.

**PRP2023/4347**
Escrito de ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., contratista adxudicataria do servizo de axuda no fogar ( Expte. CT 80/2018) solicitando que se lle informe da empresa que a partir do 01/12/2023 prestará o servizo de axuda no fogar, manifestando a súa oposición á prórroga do contrato do servizo antes citado e que, no caso de que o Concello acorde que Aralia Servizos Sociosanitarios, S.A. deba continuar nas prestación do servizo ata a nova adxudicación do mesmo, recoñeza a súa obriga de indemnizar a Aralia na totalidade de gastos e costes en que esta incorra para asegurar a continuidade da prestación (R/E 2023008370). Dáse conta do informe da Secretaria, no que se indica o seguinte:
ANTECEDENTES DE FEITO:
Por acordo do Concello Pleno en sesión de data 26/09/2019, adxudicouse a ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. o contrato denominado “servizo de axuda no fogar do concello de Vilagarcía de Arousa”.
O contrato foi asinado o 18/11/2019, indicándose no mesmo que o seu prazo de execución é de 4 anos a contar dende o 1 de decembro de 2019.

INFORME:

1.- Respecto á prórroga do contrato, a cláusula 6.3 do PCAP dispón o seguinte:

"Agás que no Anexo I se indique o contrario, o contrato poderá prorrogarse de acordo co establecido no Art. 29 da LCSP.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súa características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos art. 203 a 207 da LCSP.

No seu caso, no Anexo I indicaranse as condicións da posible prórroga do contrato.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous meses.

En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Cando ao vencemento do contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Neste último suposto, tendo en conta a natureza imprevisible desta prórroga, e que a súa aplicación non deriva da vontade do órgano de contratación, a mesma non se tomará en consideración a efectos de fixar o valor estimado do contrato non sendo tampouco de aplicación a obriga de preaviso antes referida."

O anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexeu a licitación prevé a posibilidade de prorrogar o mesmo por un ano.

A prórroga do contrato non foi acordada polo órgano de contratación e preavisada ao contratista con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, polo que actualmente este non quedará obrigado pola prórroga do contrato que puidera acordar o Concello mantendo inalterables as características do contrato durante o período de duración da mesma.

2.- Os contratos públicos están investidos dunha característica especial como é o feito de servir á consecución dun interese público. Esta circunstancia é particularmente relevante e intensa no el suposto dos contratos que teñen por obxecto un servizo que se presta aos cidadáns, o cal está afectado polo principio de continuidade na prestación del servicio.

O servizo de axuda no fogar é esencial para moitos cidadáns en situación de dependencia (anciáns, na meirande parte), sendo intrínseca ao mesmo a continuidade na prestación do mesmo, pois a atención e coidados básicos de esas persoas son diarios.

O principio de continuidade do servizo, ten reflexo no art. 288 da LCSP, cando se refire ao contrato de concesión de servizos, de forma que ao regular as obrigas do concesionario, se especifica que deberá "a) Prestar el servicio con la continuidad convenida y garantizar a los particulares el derecho a utilizarlo en las condiciones que hayan sido establecidas y mediante el abono, en su caso, de la contraprestación económica comprendida en las tarifas aprobadas." A continuación añádese un inciso non previsto na lexislación anterior conforme ao cal "En caso de extinción del contrato por cumplimiento del mismo, el contratista deberá seguir prestando el servicio hasta que se formalice el nuevo contrato."

A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no seu informe de 9 de maio de 2019 (núm. 31/17), recorda que o principio de continuidade do servizo foi consagrado expresamente entre as obrigas do concesionario nas sucesivas leis de contratos [art. 161.a) do TRLCAP, 256.a) da LCSP de 2007, 280.a) do TRLCSP e 288 da LCSP], e ao seu teor admítese a posibilidade de que se ordene que continúe a prestación con posterioridade á terminación do contrato. Tal posibilidade resulta asemade do establecido no artigo 128.1.1ª do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, a teor do cal entre as obrigas do concesionario se encontra a de «1.ª Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, incluso no caso de que circunstancias sobrevidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen máis interrupcións que las que se terían producido no suposto de xestión directa municipal o provincial». Tal posibilidade deriva directamente das necesidades de interese público que o servizo supón e dos posibles prexuízos que a súa desaparición podería ocasionar.

